



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL E A CONSELLERÍA DE SANIDADE PARA O INTERCAMBIO DE DATOS DE ACCIDENTES DE TRABALLO PARA DESENVOLVER O PROGRAMA DE DETECCIÓN DE TERCEIROS OBRIGADOS AO PAGAMENTO NA ASISTENCIA SANITARIA DISPENSADA NO SERVIZO PÚBLICO DE SAÚDE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Adela Quinzá-Torroja García, directora do Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral,

DECLARA:

Que este Instituto formaliza coa Consellería de Sanidade o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 15 de setembro de 2017 ata o 31 de decembro de 2020.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as condicións, requisitos e procedementos polos que se debe rexer a cesión de datos en materia de accidentes de traballo entre o ISSGA e a Consellería de Sanidade, para desenvolver esta última o *Programa de detección de terceiros obrigados ao pagamento na asistencia sanitaria dispensada no Servizo Público de Saúde*, en concreto o *Subprograma específico de detección de asistencia sanitaria facturable ás Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social, así como a outros terceiros obrigados ao pagamento*, preservando en todo caso os dereitos das persoas ás que se refira a información.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

O ISSGA, creado pola Lei 14/2007, do 30 de outubro, pola que se crea e regula, modificada pola lei 12/2011, do 26 de decembro, e pola lei 14/2013, do 26 de decembro, é un organismo autónomo que se configura como o órgano técnico da Xunta de Galicia en materia de prevención de riscos laborais.

O instituto actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins, en virtude do disposto no artigo 6 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 165/2014, do 11 de decembro, e entre as súas funcións está a de prestarlle colaboración e asesoramento técnico á autoridade sanitaria.

En virtude das funcións que ten atribuídas o ISSGA, este efectúa o seguimento, tratamento e control das comunicacións de accidentes de traballo que se producen nas empresas galegas.

O Decreto 41/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Sanidade, determina que esta é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control do desenvolvemento das funcións e competencias que corresponden á Xunta de Galicia en materia de sanidade.

De acordo con este decreto, a Secretaría Xeral Técnica ten, entre outras, a función de inspección, que se exerce sobre todos os centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias e farmacéuticas de titularidade pública ou privada da Comunidade Autónoma de Galicia. Os efectivos que desenvolven esta función dependen organicamente da xefatura territorial correspondente e funcionalmente da Secretaría Xeral Técnica.

O Plan de inspección sobre centros, servizos, establecementos e prestacións sanitarias para o período 2014-2017, aprobado pola Orde do 12 de febreiro de 2014, inclúe un *Programa de detección de terceiros obrigados ao pagamento na asistencia sanitaria dispensada no Servizo Público de Saúde*. O obxecto xeral deste programa é detectar as responsabilidades





de terceiros obrigados ao pagamento, instrumentar as accións oportunas para detectar estas desviacións e facilitar a súa facturación.

Para desenvolver o subprograma específico de detección de asistencia sanitaria facturable ás Mutuas Colaboradoras coa Seguridade Social, así como a outros terceiros obrigados ao pagamento, a Consellería de Sanidade precisa os datos sobre os accidentes de traballo de que dispón o ISSGA.

Así, a cesión de datos á Consellería de Sanidade constitúe unha cesión de datos definida polo artigo 3 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. O artigo 7.3 desta lei indica que os datos de carácter personal que fagan referencia á saúde soamente poderán ser tratados e cedidos cando, por razóns de interese xeral, así o dispoña unha lei ou o afectado o consinta expresamente. Pola súa banda o artigo 11 sinala que os datos de carácter persoal obxecto do tratamento soamente poderán ser comunicados a un terceiro para o cumprimento de fins directamente relacionados coas funcións lexítimas do cedente e do cesionario co previo consentimento do interesado, consentimento que non será preciso cando a cesión estea autorizada por unha lei.

A cesión de datos faise á Consellería de Sanidade que é quen realiza funcións inspectoras e ademais ten carácter de autoridade pública, segundo establece o propio Decreto de estrutura orgánica da consellería e o Decreto 53/2014, do 16 de abril, de ordenación da Inspección de Servizos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os datos a ceder recóllense no ficheiro titularidade do ISSGA denominado “Relacións informativas coa cidadanía e entidades”. Neste ficheiro recóllese o suposto de comunicación ou cesión de datos para a *“Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia e Servizo Galego de Saúde (Sergas) para a facturación a terceiros no marco do Programa de detección de terceiros obrigados ao pagamento na asistencia sanitaria dispensada no Servizo Público de Saúde”*.

En base ao enunciado nos puntos anteriores, o ISSGA, entende procedente intercambiar coa Consellería de Sanidade a información relativas aos accidentes de traballo que lle son comunicados.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela, o 18 de outubro de 2017.

